

ACTA NÚM. 5 DA SESIÓN PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A

Na Casa do Concello de Muros ás 8:00 horas do 9 de agosto de dous mil dezaseis, reúnese o Tribunal para a contratación laboral temporal dun/ dunha normalizador/a lingüístico/a, segundo as bases aprobadas por resolución da Alcaldía do día 3 de xuño de 2016.

PERSOAS ASISTENTES:

Presidente: D. Ramón Manuel Formoso Fernández

Secretario: D. José Manuel Mayo Priegue

Vogal: D^a Noelia Louro Louro

Primeiro.- Vista a reclamación presentada por Marta Negro Romero o día 18 de xullo na que manifesta un erro na suma da puntuación, o Tribunal por unanimidade admite a reclamación e acorda fixar a nota do primeiro exercicio en 6,9 puntos.

Segundo.- Vista a reclamación presentada por María Luz Varela Armas o 19 de xullo en relación á resposta da pregunta núm. 26, o Tribunal acorda non estimar a súa reclamación, sendo a resposta correcta a fixada polo Tribunal en canto que “traducíndote” é o único tradutor de uso gratuito e que permite traducir texto plano e documentos.

Terceiro. Vista a reclamación presentada por Paula Alexandre Teixeira, a cal se recibiu incompleta neste Concello, e tralo requirimento do 3 de agosto, outorgáselle un prazo de dous días para presentar a documentación completa.

Remata a sesión ás 11:00 horas.